
**Rafael Lluís Ninyoles, *Idioma i Prejuici*,
València, Eliseu Climent, editor, 1997, 4ª edición.**

No arsenal bibliográfico de carácter científico que manexan as humanidades e, dentro delas, a socioloxía da linguaxe ou a sociolingüística, hai, como é doadamente verificábel, fariña de primeira calidade e farelo. Hai obras que crian doutrina, combinan o máis rigoroso da elaboración de modelos teóricos co máis util(itário) para a transformación de pautas e condutas sociais, e resultan fundamentais, en certos momentos históricos, para orientaren e fortaleceren prácticas restauradoras de línguas en proceso de normalización. Son **alavanca**, nunca obstáculo entorpecedor. Axudan á necesaria sitematización e esclarecen, tamén, a faramalla confusionista que outras obras teceron sobre o feito lingüístico e as súas (graves) implicacións sociais.

A obra que reseñamos pertence claramente ao grupo do primeiro elemento do binómio axiolóxico que trazámos arriba. Van-se cumprir trinta anos da súa primeira edición¹ e mantén non só toda a súa vixéncia analítica senón a súa praticidade, a súa máis plena actualidade. E non é dado histórico menor repararmos en que un libro xestado no tardo franquismo atravesase a transición, sexa fundamental, premonitoriamente, na análise do marco legal-institucional que instaura o novo rexime (con herdanza ben visíbel do modelo anterior) e resulte utilísimo nos tempos actuais, onde tantos dogmas autoritarios –tamén en materia iuslingüística– volven campar sob pretexto dunha “revisión”, eufemismo dunha ben perigosa involución que ameaza dialectalizar, residualizar, as línguas nacionais en tensión coa oficial do Estado.

Para quen asina estas liñas, este libro ocupa un lugar ben importante na súa biografía sentimental e política, se se nos admitir a grandilocuencia... Con efecto, a primeira práctica consciente e propositada do idioma do país, xeneralizada en calquer interacción e, tamén, no primeiro contacto laboral co ensino, cadrou no tempo coa lectura ávida de *Idioma y poder social* (Madrid, Ed. Tecnos, 1972) que recollía, traducidos ao español, os estudos contidos no libro que comentamos mais os que integraran un libro anterior, *Conflicte lingüístic valencià: Substitució lingüística i ideologies diglòssiques*. Na mesma sincronia, coñecemos e lemos con idéntica avidez *Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza* (1ª edición, 1976 [Edicións Xistral]; 4ª edición, 1998 [Edicións Laiovento]), obra axial na

¹ Editorial Moll, Palma de Mallorca, 1971.

determinación dunha teoría e dunha práctica restauradoras, esclarecedora ao máximo da raíz, natureza e consecuencias do conflito lingüístico galego, e que tanto axudou a consolidar o exercicio e a **actuación** lingüística que este país precisaba urxentemente para garantir a creación dun espazo simbólico para o galego, para asegurar, en suma, a súa modernización e o seu futuro. Desculpen os lectores esta evocación persoal, mais penso que estou a retratar, tamén, a axuda inestimábel de que outros moitos compatriotas dispuxeron naqueles primeiros anos setenta, de tanta importancia na definición da nación. O libro de Ninyoles –volvéndomos á súa glosa- viña dar razóns vitais á nosa práctica normalizadora, dotando-a dunha sustentación teórica e dunha sistematicidade argumental de alto valor, en tempos tan animosos na acción como fracos na elaboración escrita e, desde logo, na produción académica, *convenientemente* orientada ao que, anos despois, denominamos a perspectiva forense: a filoloxización e dialectalización do idioma.

A obra de Ninyoles aporta, na mesma medida, dúas cualidades non abundantes neste tipo de literatura: o rigor e a clareza. A teoricidade non despreza nunca o necesario descenso á realidade social, ao exemplo intelixíbel. O coñecemento empírico, privilexiado, da situación valenciana vale tamén para encontrarmos moitas concomitancias co caso galego, tanto no relativo á creación e utilidade na asimilación do preconceito canto á análise dos clichés lingüísticos, a esclerose da lingua na folclorización ou a súa pretensa independización do tronco lingüístico comun. Obra dun experto sociólogo, *Idioma i prejudici* supera, porén, calquer fotografía situacional de valor conxuntural: crea doutrina, **ensina**, no sentido máis profundo do termo, e ilumina tanto os camiños practicábeis e necesarios para o obxectivo normalizador canto aqueles estéreis, confusos ou estabilizadores da situación subordinada da lingua B.

Mais demos conta sumariamente do seu contido. A primeira sección, “Modelos e categorías de análise”, senta as bases epistemolóxicas e metodolóxicas da análise que se practica, con definición e disección de conceptos-clave como bilingüismo, diglósia, substitución lingüística, normalización, conflito lingüístico, cambio lingüístico, coa detección do que se denominarían fantasías ou idealismos no tratamento do problema. É maxistral o capítulo intitulado “Níveis de poder, poder da fantasía”, en que se analisan o mito da nobreza superior da muller, as compensacións consoladoras, ou se rebaten inclementemente as teses “topográficas” (no andar inferior, o catalán; no andar superior, o español; ambos en “coabitación” amigábel) dun Julián Marías, representante do pensamento liberal español, tan sospeitosamente próximo do reaccionarismo nesta materia. A segunda sección, “Substitución lingüística, diglósia e conflito”, entra a considerar as orixes do proceso diglosificador, sitúa as relacións idioma-clase social, idioma-mobilidade social e determina as consecuencias do conflito:

represión, camuflaxe, negación, auto-ódio. A terceira sección, “Natureza e función dos preconceitos lingüísticos” contén unha esclarecedora disección do concepto “língua materna”, como ideoloxema de uso nada inocente, analiza lucidamente a razón de ser, nada “natural”, do preconceito lingüístico e da súa concreción en todas as modalidades, das “vulgares” ás intelectualizadas, e refuta documentalmente as teses conservacionistas dun *statu quo* que marca xustamente a subordinación e a dependéncia para a língua B.

Hai profusa e contínua ideoloxización do problema lingüístico mesmamente porque existe unha realidade social e lingüística marcada pola hexemonia, o domínio (e a xustificación deste domínio) da língua oficial do Estado. Hai conflito porque existen relacións **hierárquicas**, distribución non casual dos dous idiomas, especialización en usos prescindíbeis e inferiores da língua nacional. Hai represión, porque o coñecemento masivo se supedita ao uso diglósico, á ocultación conveniente, á **proscripción** do público. Hai arsenal compensatorio, porque se necesitan **criar estereotipos** que xustifiquen o marco opresivo e dulcifiquen, ou anestésien, a tensión que a represión provoca.

Unha por unha das obxeccións, un por un dos ataques que a práctica restauradora do galego tiña á altura dos anos setenta (con lexislación do tardo franquismo; Constitución do novo rexime; Decreto de Bilingüismo...) podían ser analítica, rigorosamente desmontados con tan lúcida aportación do profesor Ninyoles. Sabíamos, por exemplo –e ela veu confirmar-no-lo- que sería letal para o galego consagrá-lo, en exclusiva, para os que o posuían como “língua materna”, porque iso suporía dividir a sociedade galega en dúas comunidades lingüísticas de imposíbel conciliación, e impedir, de facto, calquer progreso normalizador, quer dicir, a reintegración no galego desde o español inicial, instalación que medraba a pasos axigantados. Sabíamos, na praxe posíbel (onte, coma hoxe), que o bilingüismo predicado non como evidéncia senón como obxectivo estabilizador supuña a continuidade da asimilación, a postergación do galego. Aspirábamos (onte, como aspiramos hoxe) a un incremento positivo e a unha diversificación funcional para a língua do país, tan mortificada e, ¡ai!, tan sofisticadamente reprimida. Permitiu-nos, enfin, o libro de Ninyoles, alertar sobre os perigos da *táctica homeopática*, que chega a utilizar reguladas e controladas doses de galego en contra do propio galego, para chegar a facer “natural” a súa agonía, a súa desaparición social.

Temos brincado co cualificativo da “sociolingüística” que aplicamos a páxinas confusas e interesadamente ideolóxicas sobre a cuestión lingüística. Aquí estamos, en troca, perante unha obra de sociolingüística con maiúsculas. Así o recoñeceron Joan Fuster, prologuista ilustre da 1ª edición e Vicent Pitarch, da 4ª, testemuña tamén dunha vixéncia declarada na sociedade a que pertence o autor. A nosa, que el tamén coñece e admira, ten que lle agradecer vivamente esta súa obra pioneira,

froito dun esforzo intelectual e humanista de tan útil proveito. Alegramo-nos ben, por todo isto, de sabermos que se está a preparar a tradución, e subseguinte edición, ao galego de obra tan merecente hoxe de ser lida, dentro do acervo bibliográfico de noso, por estudantes, profesores e público en xeral da Galiza. A gratitude trocaráse, así, en homenaxe práctica e consumo beneficioso, para o idioma e para a saúde do país.

Maria Pilar Garcia Negro